



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 209/2009.

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Ordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	ORDINARIA
Data da Sesión:.....	4 de XULLO de 2009
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	10:30 horas
<i>(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)</i>	

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 4 DE ABRIL DE 2009, E ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 13 DE MAIO, 26 DE MAIO E 19 DE XUÑO DE 2009.**
- 2. DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOLICITUDE COMPENSACIÓN BONIFICACIÓN COTA IBI.**
- 3. DAR CONTA DAS DO DECRETO 075/2009, DO 31 DE MARZO 9, RELATIVO A APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE 2008.**
- 4. MOCIÓNS.**
- 5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS (5/2009 a 13/2009) E DECRETOS DE ALCALDÍA (73/2009 a 203/2009).**
- 6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 26 DE MARZO DE 2009 ATA O 4 DE XUÑO DE 2009.**
- 7. ROGOS E PREGUNTAS.**

Notifíquese este decreto ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 1 de xullo de 2009.

O alcalde,

D^a Mariano Iglesias Castro.

Ante min,
O secretario,

D Eladio Bendaña Pardo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 4 DE XULLO DE 2009.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

Non asiste e se excusan:

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

D. Adolfo Grobas Vázquez PP

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 4 de xullo de 2009, sendo as dez horas e trinta minutos, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 4 DE ABRIL DE 2009, E ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 13 DE MAIO, 26 DE MAIO E 19 DE XUÑO DE 2009.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.

En consecuencia, se elevan a definitivas para a súa transcripción ó Libro de Actas.

2. DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOLICITUDE COMPENSACIÓN BONIFICACIÓN COTA IBI.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

A Lei 8/72, de 10 de maio, reguladora das Autopistas de peaxe, establece no seu art. 12.a) un beneficio fiscal, consistente nunha redución do 95% da Base Imponible da Contribución Urbana (actualmente IBI), sobre os terreos destinados ás autopistas de peaxe (exceptuándose os edificios



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

das oficinas da concesionaria). O Decreto 1955/73, regulador da concesión da autopista AP-9, mantén esta redución ou bonificación, prorrogada polo RD 2609/77 ata o ano 2013, prórroga que amplía o RD 1809/1994, ata o 18 de agosto de 2023. O RD 173/2000 amplía a concesión ata o ano 2048, non obstante, mantense a bonificación indicada ata agosto do 2023.

Ante esta situación, que prexudica gravemente os intereses económicos dos Concellos afectados pola autopista, parece adecuado solicitar da Administración do Estado a supresión destes beneficios fiscais ou ben a compensación dos prexuízos económicos ocasionado aos Concellos.

*Ao amparo do disposto no artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e tendo en conta que a xurisprudencia do Tribunal Superior de Justicia de la Comunidad de Madrid está a ditar sentenzas favorables aos Concellos afectados por autopistas de peaxe en distintas Comunidades Autónomas, no senso de establecer a obriga da Administración do Estado de compensar a bonificación do 95% das cotas de IBI non percibidas, este Concello **ACORDA**:*

Delegar na Deputación da Coruña a solicitude, perante a Dirección General de Fondos Comunitarios y Financiación Territorial do Ministerio de Hacienda e ante os tribunais correspondentes no seu caso, de compensación da bonificación do 95% da cota de IBI que corresponde pagar á sociedade concesionaria da autopista AP-9.

Mesía, 1 de xullo de 2009. O alcalde. Mariano Iglesias Castro”

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o Concello de Mesía está percibindo anualmente por este concepto 4.272,90 euros, e si se suprimise a bonificación existente corresponderíalle ó Concello percibir 85.458,04 euros. A Deputación da Coruña solicita a adopción do presente acordo para defender os intereses dos Concellos neste tema e que podamos obter unha compensación económica.

De seguido o Sr. Alcalde dálle a palabra ós voceiros dos grupos municipais para que manifesten o que lles pareza oportuno.

O Sr. Pedreira Candal manifesta que está absolutamente de acordo, é unha necesidade dos Concellos rurais polos que pasan infraestruturas pero que non podemos utilizar para servizos dos habitantes do propio Concello. Os titulares destas infraestruturas, sexan autopistas, gaseoductos o calquera outro, deben pagar impostos como calquera industria ou negocio, polo que non entendemos que haxa bonificacións deste tipo. Xa fai seis ou sete anos o noso grupo fixo unha moción neste sentido. Ademais, debería promoverse unha posible saída entre Mesía e Abegondo, que podería beneficiar moito ó noso Concello.

A continuación, manifesta o Sr. Álvarez Monteserín que está totalmente de acordo, e estas vías de alta capacidade que non xeran ningún beneficio ós nosos veciños, qué menos que paguen os correspondentes impostos. Ademais, apoiamos a proposta da saída da AP-9 comunicando Abegondo, Ordes, Mesía e resto de Concellos limítrofes.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, sinalando que está totalmente de acordo co manifestado, e que o tema da saída da AP-9 xa foi tratado en reunións ó respecto pero sen resultado ningún. Tutelou o tema o Alcalde de Abegondo e mandouse un escrito á Administración, pero, insisto, sen resultados.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Pedreira Candal que, sendo a competencia de Fomento, é un tema que debe ser tratado de xeito supramunicipal, e o Sr. Álvarez Monteserín que, aínda sin ser un experto na materia, parece que non debería de haber problema técnico, senón máis ben tratarse dunha cuestión de carácter económico.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos Concelleiros presentes.

3. DAR CONTA DO DECRETO 075/2009, DO 31 DE MARZO 9, RELATIVO A APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE 2008.-

O Secretario da lectura do Decreto sinalado, e que se presenta acompañado do Informe de Intervención e o Informe de Estabilidade orzamentaria.

“LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE 2008 DECRETO 075/2009

Negociado: Economía e Facenda Municipal

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 191 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a LRFL en materia de presupostos.

Sendo requisito imprescindible a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención.

Visto o informe da liquidación elaborado polos Servizos de Intervención do Concello de data 31 de marzo de 2009.

RESOLVO:

PRIMEIRO: *Aprobala liquidación do Orzamento do 2008, no que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:*

<i>Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2008</i>	<i>139.085,67 €</i>
<i>Obrigas pendentes de pago á 31/12/2008</i>	<i>474.941,30 €</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio (con axustes)</i>	<i>-34.811,60 €</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio (sen axustes)</i>	<i>-46.797,11 €</i>
<i>Remanente de crédito non comprometido</i>	<i>162.561,01 €</i>
<i>Remanente de crédito comprometido</i>	<i>139.368,48€</i>
<i>Remanente de Tesourería</i>	<i>244.539,88€</i>
<i>Para gastos con financiación afectada</i>	<i>85.170,33€</i>
<i>Para gastos xerais</i>	<i>157.708,08€</i>
<i>Estado de Tesourería: Existencias totais a 31/12/2008</i>	<i>580.395,51€</i>

SEGUNDO: *Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre.*

TERCEIRO: *Remitir unha copia da liquidación do Presuposto a Comunidade Autónoma e Delegación Especial de Economía e Facenda de A Coruña.*

En Mesía, a 31 de marzo de 2009. O ALCALDE Asdo.- Mariano Iglesias Castro”



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que este Concello pode sentirse orgulloso de cumprir coas súas obrigas económicas, xa que ningún provedor ten facturas pendentes de cobrar, e aínda que sen presumir, somos o único Concello que paga a trinta días ós provedores.

Non habendo máis intervencións, os Concelleiros quedan enterados.

4. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestando nada ó respecto os voceiros dos grupos municipais, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS (5/2009 a 13/2009) E DECRETOS DE ALCALDÍA (73/2009 a 203/2009).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto os voceiros dos grupos municipais, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 26 DE MARZO DE 2009 ATA O 4 DE XUÑO DE 2009

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto os voceiros dos grupos municipais, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

7. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr: Alcalde concede a palabra ó Sr. Pedreira Candal, quen manifesta que, xa se están acometendo unhas obras en Ponte Caínzos e, así mesmo, comentoume xente que vostede ten prometido a realización dun abastecemento de auga nesa zona, coido que, aproveitando que se están facendo as anteditas obras, puidera ser agora o momento máis axeitado para facer as obras do abastecemento.

Resposta o Sr. Alcalde que o xeito de que Mesía non conte con depósito alí depende da dispoñibilidade dos terreos e de que sexa tecnicamente factible. Intentouse facer na zona do entorno do muíño e xuntamos ós veciños de Vilar, pero foron reacios a instalalo nese entorno. En todo caso, verase si hai dispoñibilidade de terreos pola zona, porque se o queremos facer nunha masa común, retrasaríase o tema.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pregunta o Sr. Pedreira Candal, con respecto á ADSL, ¿qué obxectivo ten o Concello en canto á dotación de cobertura?¿qué opinión lle merece o tema?¿qué previsións hai?

Resposta o Sr. Alcalde que se están formulando peticións en relación con esta cuestión, cuestión que debería estar resolta se as empresas se comprometesen na medida que falan. Con dous antenas WIFI poderíase dotar á parroquia de Xanceda, pero dotar a todo o concello dese sistema é moi engoroso e custoso, e, ademais fan falta terreos, pero é vontade deste grupo de goberno facelo. Manifesta o Sr. Pedreira Candal que, aínda que se empece por unha parte, o caso é empezar, precisando o Sr. Alcalde que coincide plenamente coa súa apreciación.

Toma a palabra a continuación o Sr. Álvarez Monteserín, sinalando que, en canto ó tema das beirarrúas en Visantoña, tan criticadas polo seu deseño, ¿van quedar así?

Resposta o Sr. Alcalde que está totalmente de acordo, e xa escoitei moitas queixas e este grupo de goberno trasladou as queixas á Administración Autonómica, que é a titular da estrada e quen tutela as obras, xa que nos non temos competencia. Xa tiveron unha reunión co Delegado, co director de obra e o arquitecto e comenteilles o tema, e o que imos facer agora é elaborar un dossier tendo en conta as suxestións e queixas dos veciños e remitilo á Delegación Provincial. Eu comparto o noventa e cinco por cen das queixas, pero non podo facer máis.

Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, que engade que a obra é unha chapuza, pero sobre todo, deixa moito que desexar o tema da seguridade, e tivemos sorte de que non pasara nada. O Sr. Álvarez Monteserín sinala que, certamente, a obra é unha chapuza, e, independentemente de quen a execute, son cartos públicos, e tal como quedan as beirarrúas, as gabias parecen trampas. Aínda que non sexa competencia municipal, temos que poñer o grito no ceo e dicirlle ó Delegado que isto é unha chapuza. Sería mellor que se fixeran menos Quilómetros pero non se fixera o ridículo deste xeito. Por outra banda, ¿está rematada a obra?¿vanse instalar bolardos?

Resposta o Sr. Alcalde que xa saben os veciños que estiveron tres veces co Delegado na obra, pero agora cambiou o goberno e imos ver qué pasa, pero, en calquera caso, non é pasividade ou desidia deste grupo de goberno. Todo isto farase constar no dossier que imos remitir. A obra está rematada e si, leva bolardos.

De seguido, pregunta o Sr. Álvarez Monteserín pola pista de concentración que vai dos Ricos á Fraga, que está impracticable, e a ver si hai posibilidades de melloralas, porque é un despropósito que as pistas novas precisamente desemboquen nunha pista impracticable.

Resposta o Sr. Alcalde que ó longo do verán limparemos a pista adecuadamente e despois veremos con maior claridade as necesidades de actuación nela, con vistas á posibilidade de contemplar as melloras máis urxentes no vindeiro Plan de Obras e Servizos da Deputación.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as once horas e vinte minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.